

Estreno de "Agasallo de Sombras"

A obra vista polo autor

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Desde, non sen poucas dificultades, descubrín o TEATRO DE MASCARAS de Don Ramón Otero Pedrayo, algunha das súas pezas ven exercendo sobre min unha meiguice enfermiza da que só acerto a me ceibar, e sempre de xeito fuxidío, contraponéndolle unha lectura a tempo desas catedrais da indisciplina teatral que pra min son A TENTACION DE SAN ANTONIO de Gustavo Flaubert e o FAUSTO de Goethe. Propostas de espectáculo imposible onda as haxa, máis alá de pitoñismos temporais ou de capacidades técnicas coñecidas.

Volvo recurrentemente tanto a unhas como as outras cada vez que preciso relacionarme coa grandura teatral dun xeito cómodo. Ou cando ando a pescuda desa idea de espectáculo posible pola que me deixar engaiolar dabondo como para seguir nisto aínda que doía. E como se precisara lembrar a sabeduría de tempos andados, para non me deixar apresionar polo engado de certas sabichas de tempos presentes. Vólome un amante infiel e soño alianzas teatrais nas que Shakespeare e Os Resentidos, ou Wagner e Méndez Ferrín suban collidos da man a un mesmo escenario baleiro.

Debeu ser nunha destas cando abraicei a idea de traicionar a Don Ramón, xogando a facer posibles eiquí e agora as súas traxedias sempre improbables, agardando que non sufriran máis perda de grandura que aquela que a miña torpeza provocar no tránsito.

Foi un exercicio de adaptación rico, libre e apaixonado, feito dende unha relación co mundo e co teatro de Don Ramón rillota e xogantina, condenado de antemán ó fracaso, aínda que non á esterilidade.

Enredando coa peza A REVOLTA DOS TRAXES, crín intuír que non era casual que o personaxe protagonista se chamase Rosalinda, que ficara prisioneira do seu home nun deses recunchos empoeirados nos que se garda da historia o aparente, ou que fose un poeta, romántico por máis señas, quen a arrinca-se daquel cárcere de sombras. Atinado ou non, púxenme a xogar co intuído e case sen me decatara atopeime poñéndolle nomes propios ás cousas. Pouco a pouco, unhas veces envoltos en grande aparato e lucerio, outras nas puntas dos pés, foríonseme colando os Manuel Murguía, Vicetto, a Pardo Bazán, Pondal, Aurelio Aguirre, Rosalía... E a revolta virouse tentación e troula. E o poeta un Meñistófenes ocasional e fuxidío. E os traxes sombras, e as sombras parte da nosa historia e da deles propia. E unha vez máis, Don Ramón, coma sempre, coma antes cos vellos de Castelao, estaba alí, dando pé a un soño teatral novo. Da súa man, da Raíña de Saba, e da do Demo, viña de nacer a idea de escribir un texto e facer un espectáculo teatral, arredor de Rosalía, ou seu mundo e o seu tempo. Un tempo no que, se cadra, para ben ou para mal, nacimos un pouco todos, e ó que AGASALLO DE SOMBRAS quere aproximarse sen outra ambición desmedida que a de se atrever a ver que pasa.

Os actores destacan A oferta plástica e o seu carácter experimental e desmitificador

XULIO GALVEZ



Catorce actores de sete compañías

FERNANDO BELLAS

ERNESTO CHAO (que na obra é Benito Vicetto): O que máis me interesa do traballo en Agasallo de Sombras é poder actuar cun equipo procedente de diferentes grupos e tendencias, e poder confrontar así as nosas experiencias. Paréceme tamén importantísimo o sistema de funcionamento do Centro Dramático Galego, no que o actor é actor, o director, director e o escenógrafo unicamente escenógrafo, sen que haxa que compartir traballos que ata agora viñamos facendo en común nas compañías galegas.

Espero, ademais, que esta segunda produción do Centro sirva para ir dignificando a profesión teatral en Galicia.

CANCO RAMONDE (Eduardo Pondal): Aínda que o máis indicando para falar do vestuario sexa o propio deseñador, Antonio Simón, a min como actor paréceme unha novísima forma de afrontar os figuríns, que siguen unha estética de plena vangarda. Eu, desde fofa, seguí o proceso de elaboración dos traxes e poido asegurar que foi un traballo paciente e delicado, que contenta sen dúbida a público e a actores.

No referente a Agasallo de Sombras, creo que o ambiente de colaboración que se respira entre os actores e actrices será unha das claves que explicarán o éxito da produción.

FERNANDO PEDRIDO (Camareiro): Eu ata agora era marionetista, así que ésta é para min a primeira experiencia como actor. Por iso paréceme que o máis interesante é ter coñecido ós que en Agasallo de Sombras son os meus compañeiros, co que ten de enriquecedor traballar con tan espléndidos profesionais da escena. En canto á obra, eu, como artista non experto en teatro o único que poido dicir é que me parece moi entretida.

PALOMA ROMERO DÍAZ (Emilia Pardo Bazán): Un dos elementos que máis me impresionan deste espectáculo é a plástica. Creo que vai supoñer unha porcentaxe moi alta do éxito da obra, xunto co vestuario. Quero destacar tamén o importante que resulta o traballo en equipo, tanto para nós, os actores e as actrices, como para o director e o seu axu-

dante, polo que supón de aunar tendencias e formas tan diferentes de interpretación.

Continuidade do CDG. O que máis me preocupa, xa á marxe desta produción, é a continuidade do Centro Dramático galego. Isto é algo no que temos que facer fincapé tódolos actores galegos, así como os directores e xentes en xeral vencelladas ó teatro. Hai que esixir colectivamente que de unha vez por todas teñamos -la seguridade de que o Centro se vai consolidar. É imprescindible para o teatro galego, precisamos de novas estéticas que rachen coa actual, que estap tremendamente anticuada, e iso só será posible cun organismo como o Centro.

FRANCISCO CADAVAL (Edgar Allan Poe): Eu estopu alucinado co texto de Roberto pola proposta escénica que conleva. En Agasallo de Sombras hai unha concentración de tempos múltiples: o tempo real, o tempo onírico, o tempo profético. Hai invocacións por parte dun soño de Rosalía que se xuntan coas de Aurelio Aguirre. Hai alucinacións de Manuel Murguía... Do tempo real narrativo que propón o texto pódese extraer un tempo teatral dunha grande variedade e con moita riqueza de ritmos escénicos.

XAVIER R. LOURIDO (Aurelio Aguirre): Para min hai dous factores polos que me parece atractivo o traballo no CDG. Por unha banda, a posibilidade de dignificar, a traveso del, anosa profesión. Por outra, a conquista de escenarios ata agora vedados ás compañías galegas, como son os grandes teatros clásicos, dos que agora podemos dispoñer gracias ó apoio da Administración.

En canto a Agasallo de Sombras, penso que é o mellor texto dramático que escribiu Roberto Vidal Bolaño. Resulta moi interesante ademais que sexa esta obra a que nos permita traballar con actores procedentes doutros grupos. Imos aprender moito para posteriores montaxes gracias a este labor en común.

MÁBEL RIVERA (Doña Tereixa): Esteticamente, Agasallo de Sombras é

un espectáculo moi ben pensado desde o seu mesmo punto de partida, e dicir, o texto, ata o estudo da iluminación, a música... En conxunto, trátase dunha espléndida proposta escénica.

O traballo para nós, os actores, foi moi cómodo e enriquecedor a un tempo, porque desde a dirección se nos deixou moita liberdade no proceso de creación de caracteres e adaptación ós personaxes que tiñamos que representar. A man do director estivo unicamente presente para incidir na unificación e coordinación do labor de cada un de nós.

ELINA LUACES (Rosa): Atraeme sobre todo Agasallo de Sombras polo que ten de desmitificador de algunhas figuras históricas galegas, e especialmente de Rosalía, a quen eu interpreto. A poeta xa non é a nai e a esposa abnegada, senón a muller farta da vida que a arrodea.

DOROTEA BARCENA (Rosalía): Interésame especialmente Agasallo de Sombras por ser un espectáculo experimental en tódalas facetas que compoñen a montaxe: o propio texto, a música, a plástica -tanto no referente á escenografía e o atrezzo como ós monecos e maniquetes- e, como non, o campo actoral. A experiencia neste último terreo para min é ante todo extraña. Aínda non sei, como actriz, se é positiva ou negativa. Esta situación provén das características da obra, na que a maior parte dos personaxes son sombras e por elo requiren unha maneira moi especial de seren interpretados. Isto fai que o actor estea bastante limitado á hora de manifesta-la súa expresividade.

Nesta obra todos temos un xeito de movernos no escenario moi semellante, o que conleva unha enorme disciplina por parte do actor, que se ten que esquecer moitas veces de que ten cara, corpo, brazos...

De calquera forma, repito, os aspectos sonoro, plástico e actoral van facer de Agasallo de Sombras un espectáculo sorprendente. Esperemos que coa continuidade do Centro Dramático Galego se poidan levar a cabo moitas máis producións deste tipo.